

## COMUNICADO ANTE A CHAMADA VIOLENCIA OBSTÉTRICA

Na proposta de reforma da Lei Orgánica 2/2010, do 3 de marzo, de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo, preténdese incorporar como novidade o recoñecemento da chamada violencia obstétrica, entendida como aquela que se dá no marco do proceso de asistencia ao parto.

A violencia obstétrica sería un concepto de referencia durante o proceso do parto ante procedementos e intervencións, a miúdo rutineiras, entendidas como innecesarias e que en moitas ocasións realízanse sen solicitar consentimento ou sen proporcionar suficiente información ás mulleres. Tamén contemplaría actitudes, expresións e situacións que puidese entenderse que degradan á muller no transcurso do devandito proceso asistencial. Entenden, así mesmo, que esta se exercería sobre a muller no proceso reprodutivo, só polo feito de ser muller e por iso contemplaríase como unha forma de violencia de xénero.

Desde a Sociedade Galega de Xinecoloxía e Obstetricia queremos deixar claro a nosa postura e expresar o noso rexeitamento ante o recoñecemento legal como concepto da denominada por algunhas organizacións e colectivos como violencia obstétrica e, en maior medida, a súa interpretación como violencia de xénero.

A xestación é un proceso fisiolóxico complexo e como tal susceptible de complicarse, o que nos esixe estar cada vez máis preparados, adestrados e informados sobre os avances tecnolóxicos. É grazas aos coñecementos adquiridos e adestramento de manobras e procedementos como os e as especialistas da medicina e enfermería puidemos reducir a frecuencia coa que as nais sofren consecuencias ltuosas que inevitablemente se darían nalgúns embarazos e partos complicados abandonados sen control. Pero a pesar de todos os nosos esforzos e como proceso natural que é, a xestación e o parto desembocan poucas veces en situacións desgraciadas, agudas e imprevistas, que ocasionan graves patoloxías e mesmo a morte do feto e da nai, sen que os nosos esforzos consigan revertir a situación.

O desempeño de todos os e as profesionais que mediante a práctica obstétrica contribúen á promoción da saúde reprodutiva da muller ten un obxectivo principal: a redución das taxas de mortalidade e morbilidade materna e fetal mediante estratexias de detección de enfermidades asociadas que debutan ou complican a xestación, cribado e asesoramento temperán ante malformacións fetais, redución da prematuridade, etc.; achegando solucións mediante recomendacións e tratamentos baseados na maior evidencia e que son de uso común na maioría dos sistemas sanitarios.

Foi o esforzo de todos os e as profesionais da asistencia obstétrica durante moitos anos o que conseguiu que a morbimortalidade materna e fetal en España e por suposto en Galicia, mostre as mellores taxas en comparativas europea e mundiais. Nesta tarefa, a información completa e ilimitada, baseada nun continuo e arduo proceso de formación, e o respecto á participación e autonomía na toma de decisións das nosas pacientes estiveron presentes desde hai anos en todos os nosos actos.

Asumimos a liberdade de pensamento e opinión sobre calquera tema inherente á nosa especialidade e o debate sobre melloras na calidade da asistencia ao embarazo e parto, pero baixo ningún concepto podemos subscribir nin aprobar o uso do termo violencia obstétrica polo seu significado xurídico doloso, en canto ao que suxire como intención de causar dano, ánimo de lesionar ou denigrar con emprego de forza ou ameazas, tipificable penalmente para toda actividade relacionada coa sanidade e totalmente alleo a noso desempeño habitual.

Recoñecemos que poden darse distorsións na relación médico-paciente, tamén na asistencia obstétrica, con comportamentos reprobables ou intervencións alleas á boa praxe que non xustificamos baixo ningún concepto, pero que non podemos entender como práctica xeneralizada. O exercicio de violencia sobre o paciente na práctica clínica e en calquera especialidade médica debe ser denunciado ante as autoridades competentes, pois sen dúbida é delituoso.

A día de hoxe a práctica obstétrica no noso país evolucionou de modo que a representación das mulleres nela é claramente e por moito maioritaria. A representación masculina é agora escasa entre os obstetras e marxinal no colectivo de matronas. Contemplantar o exercicio obstétrico como un modo de violencia de xénero levaría ao absurdo de enténdelo como unha práctica violenta exercida maioritariamente por mulleres sobre as pacientes xestantes só polo feito de ser mulleres, o que como mínimo é incongruente.

Os nosos colexios profesionais vixían a boa praxe dos seus asociados e, no ámbito obstétrico, nunca debe confundirse de ningún xeito a praxe inadecuada coas expectativas de parto non cumpridas.

Organizacións políticas e diversas asociacións e grupos mediáticos apuntáronse rapidamente a esta denuncia inxustificada pero con amplo impacto en base a intereses espurios, amparados en documentos que non superan os mínimos niveis de evidencia. E en base a eles e desde a comodidade dos seus escritorios, múltiples opinadores que nunca pisaron unha sala de partos, que nunca verán interrompido o seu descanso para resolver un problema obstétrico, que non se expoñen a decisións difíciles e de risco comprometendo o seu prestixio e, por que non dicilo, tamén o seu patrimonio asumindo a esixible responsabilidade civil e penal, son os que pretenden estigmatizar a moitos traballadores e traballadoras especializados que conseguiron co seu estudo e dedicación contribuír aos bos resultados perinatais que ofrece a nosa sanidade.

Por todo iso, a Sociedade Galega de Xinecoloxía e Obstetricia, recoñecendo que sempre hai marxe de mellora, ponse a disposición das autoridades sanitarias ofrecendo asesoramento co obxectivo de alcanzar unha praxe de excelencia baseada na mellor evidencia dispoñible, para poder así ofrecer unha grata experiencia na súa vivencia de embarazo e parto ás nosas pacientes, e asemade preservar a máxima seguridade xurídica para os nosos profesionais.